



PROFESIONAIS SANITARIOS E PACIENTES FRONTE AO MIELOMA MÚLTIPLE

- *Baixo o lema "Transformando xuntos o cancro en esperanza" o servizo de Hematoloxía organiza o próximo mércores día 15 unha xornada aberta á cidadanía sobre o mieloma múltiple no Álvaro Cunqueiro*
- *A xornada contará coas intervencións de profesionais do equipo multidisciplinar que forma parte do tratamento e coidado destes pacientes, como hematólogas, fisioterapeutas, farmacéuticas e persoal de enfermaría*
- *O Mieloma Múltiple (MM) é un dos cancros de sangue máis complexos e un dos máis difíciles de diagnosticar*
- *O servizo de Hematoloxía ten en seguimento a un centenar de pacientes con esta enfermidade*

Vigo, 13 de novembro de 2023. Baixo o lema "Xuntos transformaremos o cancro en esperanza", o servizo de Hematoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro organiza o próximo mércores día 15 un encontro con pacientes diagnosticados de Mieloma Múltiple. Trátase dunha xornada aberta á cidadanía, que terá lugar na entrada principal do hospital ás 17:00 horas.



O Mieloma Múltiple (MM) é un dos cancros de sangue máis complexos e un dos máis difíciles de diagnosticar, representando só un 10% dos cancros existentes. Afecta principalmente a xente de idade avanzada, de feito, a idade media de aparición da enfermidade é arredor dos 69 anos. Só o 5-10% dos pacientes teñen menos de 40 anos.



O servizo de Hematoloxía do Chuvi ten en seguimento a un centenar de pacientes con esta enfermidade. Segundo explica a xefa do servizo e moderadora desta xornada, Carmen Albo, "un dos grandes desafíos desta enfermidade é o diagnóstico xa que, nalgúns casos, este pode tardar ata seis meses desde a aparición dos síntomas iniciais. Sen embargo, os tratamentos para o MM experimentaron avances moi significativos nos últimos anos, como os inmunomoduladores, anticorpos monoclonais, CART, o que permitiu mellorar de xeito significativo a supervivencia destes pacientes".

Equipo multidisciplinar

Nesta xornada estarán presentes diferentes representantes do equipo multidisciplinar que forma parte do tratamento e coidado destes doentes no Álvaro Cunqueiro, como hematólogas, fisioterapeutas, farmacéuticas e persoal de enfermaría.



Nos encantaría poder contar contigo el próximo **miércoles 15 de noviembre** en el **encuentro en faMMilia** para pacientes de **mieloma múltiple** que tendrá lugar en el **Hall del Hospital Álvaro Cunqueiro, en Vigo**, de 17:00 – 18:30h.



Te invitamos a **formar parte de la faMMilia**.

SAVE the DATE

Miércoles 15 noviembre
17:00 – 18:30h

Hall del Hospital Álvaro Cunqueiro, Vigo.



Para más información, consulte con su médico.
NP-ES-MMU-PINS-230035(v2) 11/2023



Con la colaboración de:

Moderadora:
Dra. Carmen Albo
Jefatura Servicio Hematología, CHUVI.

17:00h Bienvenida.

17:05h Mieloma Múltiple y el hematólogo.
Dra. Carmen Albo y Dra. Margarita Martínez
Hematólogas, CHUVI.
Jefa del Servicio de Hematología y responsable de pacientes de Mieloma Múltiple.

17:20h Los cuidados domiciliarios del paciente de Mieloma Múltiple.
Carmen Quintela González
Enfermera de Atención Domiciliaria, CHUVI.

17:35h ¿Qué puede hacer la farmacia por el paciente de Mieloma Múltiple?
Yaiza Romero Ventosa
Farmacéutica, CHUVI, Área OncoHematológica.

17:50h Ejercicio físico y Mieloma Múltiple.
Noa Piñeiro Fernandez y Antonio Chamorro Comesaña
Fisioterapeutas, CHUVI.
Coordinador de Fisioterapia y Terapia Ocupacional.

18:05h Pacientes con Mieloma Múltiple.
Teresa Regueiro
Presidenta de la Comunidad Española de Pacientes con Mieloma Múltiple (CEMMP).

18:20h Conclusiones y cierre.

¿Tienes alguna pregunta?



Para más información, consulte con su médico.
NP-ES-MMU-PINS-230035(v2) 11/2023



Con la colaboración de:

Neste senso, as hematólogas informarán sobre os tratamentos, e os fisioterapeutas da importancia do exercicio físico xa que "o exercicio físico adaptado ás necesidades e limitacións destes pacientes implica beneficios en saúde ósea, redución da fatiga, aumento da forza muscular e mellora do equilibrio e a mobilidade. Ademais, pode



axudar a reducir o risco de complicacións e mellorar a tolerancia ao tratamento ou a incidencia de certos efectos secundarios”.

Por outra banda, tamén participará unha das enfermeiras encargadas do programa da Atención Domiciliaria, que explicará os coidados integrais e individualizados que reciben os pacientes nos seus domicilios. O Álvaro Cunqueiro creou unha Unidade de Atención Domiciliaria a pacientes hematolóxicos dirixido a aqueles doentes con tratamentos crónicos orais ou de administración subcutánea que necesiten asistencia moi frecuentes a consulta e Hospital de Día. A finalidade deste novo servizo é mellorar a súa adherencia ao tratamento e a súa calidade de vida. O 80% dos doentes incluídos neste programa padecen Mieloma Múltiple.

Así mesmo, unha das farmacéuticas responsable da farmacia hematolóxica informará dos circuitos da preparación das medicacións e a súa administración ou entrega ao paciente, e poderá resolver as dúbidas do auditorio sobre os efectos adversos destes tratamentos, que poden presentar interaccións con outras medicacións.

Ademais, tamén participará a presidenta da Comunidad Española de pacientes de MM (CEMMp), Teresa Regueiro, que aportará coñecemento e experiencia en relación á convivencia con esta enfermidade.